



ELECCIÓN AO CONSELLO ESCOLAR

De conformidade coa Resolución do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos. (DOG do 18/09), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, SECTOR ALUMNAS E ALUMNOS, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **dous alumnas/os, dun total de catro que debe ter o Consello Escolar. A seguinte persoa en reserva por número de votos ocupará unha vacante existente por un período de dous anos**, ata a seguinte renovación do Consello Escolar.

2.- Son electores todos os alumnos e alumnas matriculados no Centro e incluídos no Censo electoral correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. **As reclamacións ao referido Censo** realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, **ata as 14:00 horas do día 6 de novembro**.

3.- Son elixibles as alumnas e alumnos, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do centro e na páxina web no centro. As candidaturas poderán ser presentadas ata as 14:00 horas do día 8 de novembro, presencial ou telematicamente.

4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre as alumnas/os que non se presenten como candidatos/as, o día 11 de novembro, ás 16:30 horas. Dita mesa electoral estará composta polo/a Director/a do Centro, que actuará como Presidente/a, e dúas alumnas/os, actuando de secretaria/a o de menor idade.

5.- A campaña electoral comprenderá dende o 12 ao 19 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición ao presidente/a da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES.

6.- Poderán actuar como supervisores da votación os alumnos/as que estean avaladas cando menos pola firma de dez electores/as.

7.- As votacións realizaranse neste IES o día 20 de novembro ao longo da mañá. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 9:10 horas.

8.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo de dous nomes dos candidatos presentados. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

IES Ordes

Rúa Nicolás del Río s/n 15680 ORDES
Teléfono 881960334 Fax 881960344
ies.ordes@edu.xunta.es

9. Finalizada a votación procederáse ao escrutinio dos votos , que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

10.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Ordes, 30 de outubro de 2024

**O DIRECTOR/A DO CENTRO E
PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL
Manuel del Río Gómez**